

Estimadas familias.

Lembrámoslles que está aberto o prazo para participar no fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir libros de texto e material escolar (Orde do 07 de maio de 2024- DOG nº 96 do 20 de maio de 2024) ata o vindeiro 21 de xuño de 2024.

As solicitudes (Anexos I e II) presentaranse preferiblemente por vía electrónica no formulario normalizado (ED330B-anexos I e II) dispoñible na aplicación fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente no centro docente, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Destinatarios das axudas:

-Fondo solidario de libros de texto: o alumnado que curse 3º a 6º de Ed Primaria durante o curso 2023/2024.

-Axudas para adquirir os libros de texto: alumnado que curse 1º, 2º de Ed Primaria e alumnado neae segundo a disposición adicional segunda da Orde.

-Axudas para adquirir material escolar: alumnos e alumnas que cursen Ed Primaria durante o curso 2024/2025.

Tendo en conta que o centro non participará no Proxecto E-dixgal no vindeiro curso, o alumnado que curse 5º e 6º de Ed Primaria no curso 2024/2025 poderá solicitar tanto as axudas de material escolar coma o fondo libros, cando reúnan os requisitos establecido na Orde.

Lembren que se terá en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2022, así coma os datos para renda per cápita da unidade familiar corresponderase coa do exercicio 2022.

Prazos a ter en conta:

Presentación de solicitudesAta o 21 de xuño

Publicación listado provisional 3 de xullo

Reclamación ao listado provisional 4 e 5 de xullo

Publicación listado definitivo 8 de xullo

Entrega libros e vales material9 e 10 de xullo de 10:00 a 13:30

(As familias que non os recollan nestas datas poderán recollelos en setembro)

A entrega dos libros pertencentes ao fondo solidario de libros de texto do centro realizarase na primeira semana lectiva do vindeiro curso 24/25.